



CC.OO. CONSIDERA QUE O ACORDO OFERTADO POLA ADMÓN PARA O PROFESORADO DO ENSINO PRIVADO CONCERTADO NON REPERCUTE EN MELLORAS DA SITUACIÓN LABORAL DOS DOCENTES

Mediante esta nota queremos aclarar cales foron os argumentos que levaron a Federación de Ensino de CC.OO a apoiar a convocatoria de folga no ensino concertado :

1º. O punto 4 do ACORDO para o Ensino Público que garante a xornada contínua en xuño e setembro para todos os centros ,previo acordo por maioría simple no seo do consello escolar ,non garante o mesmo para os compañeiros da concertada ,xa que a petición de xornada contínua compételle ao titular do centro .

Por outra banda a composición dos consellos escolares nos centros concertados non é a mesma que nos centros públicos ,xa que naqueles o titular conta tamén cunha representación similar á dos pais e profesores .

2º .O punto 6 do Acordo para o Ensino Público determina unha redución horaria para o profesorado ,a negociar este mesmo curso e o punto 7 propón unha mellora dos cadros de persoal dos centros de Infantil e Primaria, pero émbolos dous non son de aplicación ao ensino concertado , xa que a dotación de persoal para estes centros está suxeita ás ráteos que se negocian coa Administración , e a carga horaria lectiva e presencial ao seu convenio colectivo .

3º A táboa reivindicativa da Plataforma de ensino concertado inclúe outras reivindicacións que nos centros públicos xa están acadadas como son a formalización dunha Mesa Sectorial ,a posibilidade de acumular as horas de lactancia ,o pago de atrasos salariais correspondentes ó 2006 e a homologación .

4º O único compromiso que obtivemos da Administración para o ensino concertado foi o da convocatoria dunha reunión para falar dos temas pendentes nun prazo máximo de 30 días .

Por iso, pensamos que estes argumentos teñen o peso suficiente para que CC.OO apoie a folga convocada no ensino concertado e valore positivamente o Acordo alcanzado coa Administración para o ensino público.